



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Medio Ambiente

Convocatoria de autorizacións para o uso das hortas urbanas do Agra do Orzán, Novo Mesoiro, parque de Eirís e parque de Adolfo Suárez

A concelleira delegada de Medio Ambiente e Sostenibilidade, de acordo coas delegacións de competencias da Xunta de Goberno Local (BOP do 3 de xullo de 2019), adoptou o seguinte acordo:

Aprobar a convocatoria de autorizacións para o uso das hortas urbanas do Agra do Orzán, Novo Mesoiro, parque de Eirís e parque de Adolfo Suárez, conforme ó seguinte detalle:

“CONVOCATORIA DE AUTORIZACIÓNS PARA O USO DAS HORTAS URBANAS DO AGRA DO ORZÁN, NOVO MESOIRO, PARQUE DE EIRÍS E PARQUE DE ADOLFO SUÁREZ

1.-Obxecto.

Esta convocatoria dá inicio ao procedemento de outorgamento das correspondentes autorizacións para o uso das hortas urbanas do Agra do Orzán, Novo Mesoiro, parque de Eirís e parque de Adolfo Suárez, na súa configuración de uso ou aproveitamento especial do dominio público local.

Con iso, o Concello promove as hortas urbanas como unha oferta de lecer saudable para aquela veciñanza interesada na agricultura tradicional, en crear espazos de convivencia e comunicación interxeracional, fomentar o desenvolvemento de prácticas de agricultura ecolóxica e achegar os veciños e veciñas do mundo urbano ao coñecemento, aos valores e á cultura do mundo rural.

O uso das hortas urbanas, non terá unha finalidade económica, senón social, educativa, ambiental, participativa e integradora.

Os principais obxectivos buscados coa implantación das hortas urbanas son os seguintes:

- Protexer o patrimonio verde e agrícola e fomentar a biodiversidade.
- Promover un uso responsable dos recursos (territorio, auga e enerxía). Facilitar a produción de compost e o uso de sistemas e prácticas de irrigación que eviten o malgasto de auga.
- Promover sistemas de agricultura respectuosos co medio ambiente: agricultura ecolóxica, permacultivos, etc.
- Fomentar a produción sostible e respectuosa co medio ambiente de vexetais destinados ao autoconsumo.
- Crear espazos de cidadanía activa que permitan xerar novas oportunidades de intercambio social, promovendo as relacións interpersoais e incrementando os niveis de implicación cidadá no coñecemento e na mellora do entorno urbano.
- Estimular e incrementar o sentimento de pertenza ao territorio, respondendo simultaneamente ás demandas paisaxísticas, medioambientais e sociais. Recuperar os espazos públicos para fines sociais, culturais ou medioambientais ao mesmo tempo que se mellora o seu aspecto estético, poñendo en valor as tradicións rurais do territorio.
- Promover estilos de vida activos, incluída a actividade física desenvolvida no propio cultivo da horta e as súas propiedades terapéuticas, implicando aos sectores sociais máis desfavorecidos no establecemento dunha cultura de alimentación e vida saudables.
- Promover os valores de integración e inclusión social, solidariedade e relacións interxeracionais e interculturais.

2.-Persoas beneficiarias.

Poderán concorrer ao presente procedemento as persoas físicas que cumpran os seguintes requisitos:

- Ser maior de idade.

– Estar inscrito no Padrón municipal da Coruña, cunha antigüidade mínima de seis meses, anterior á data de publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Exceptúanse do requisito de antigüidade de empadramento:

- a) Vítimas de violencia de xénero que cambien o seu domicilio por motivos de seguridade.
- b) Persoas emigrantes galegas cando fixen a súa residencia no Concello da Coruña.
- c) Persoas que teñan recoñecida a condición de persoa refuxiada, ou cuxa solicitude de asilo sexa admitida a trámite ou, sen admitirse, teñan autorizada a súa permanencia en España por razóns humanitarias ou de interese social.

A acreditación do empadramento poderá ser obxecto de comprobación de oficio polo Concello da Coruña.

– Carecer de débedas tributarias en período executivo co Concello da Coruña, salvo persoas solicitantes incluídos no grupo II por razón da renda.

Tamén poderán concorrer ao presente procedemento os centros públicos de ensino e as asociacións sen ánimo de lucro, legalmente constituídas, que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal da Coruña e que acrediten, mediante os seus estatutos, o seu carácter social, pedagóxico, terapéutico ou ambiental. As asociacións deberán carecer de débedas de natureza tributaria no período executivo co Concello da Coruña.

Estes requisitos deberán cumprirse na data na que finalice o prazo de presentación das solicitudes, e durante todo o período de vixencia da correspondente autorización.

A autorización será persoal e intransferible. O órgano municipal competente poderá revogar e deixar sen vixencia a autorización, se se incumpren de forma sobrevida os requisitos sinalados neste artigo, ou se se dá algunha outra das circunstancias que as normas desta convocatoria prevean como causa de revogación.

Establécense as seguintes categorías de beneficiarias/os:

Grupo I.–Persoas físicas que non estean incluídas nos grupos II e IV.

Grupo II.–Xubiladas/os ou maiores de 65 anos, persoas receptoras da Renda Social Municipal, da Renda de Inclusión Social ou ingreso mínimo vital, e mulleres vítimas de violencia de xénero.

Grupo III.–Asociacións sen ánimo de lucro, de carácter social, pedagóxico, terapéutico, ambiental, e centros públicos de ensino.

Grupo IV.–Persoas físicas que teñan recoñecida unha minusvalía igual ou superior ao 33% e teñan recoñecida a existencia de dificultades para utilizar transportes colectivos.

3.–Duración.

A duración da autorización será de 4 anos.

Este prazo empezará a computar a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de adxudicación das primeiras autorizacións obxecto do presente procedemento. Todas as autorizacións finalizarán o mesmo día, de xeito que tomarase como data de inicio da duración de todas as autorizacións á primeira resolución de adxudicación que se publique. É dicir, as autorizacións que sexan concedidas en resolucións posteriores, estarán vixentes ata que transcorran 4 anos dende a data da primeira resolución de adxudicación que se publique.

A persoa adxudicataria da horta non poderá permanecer na mesma parcela ou na mesma mesa de cultivo máis de catro anos, e non ostentará ningunha preferencia para volver acceder a ela. Non obstante, mentres non haxa un novo adxudicatario da horta como consecuencia dunha nova convocatoria, poderá continuar co seu uso que, en todo caso, finalizará coa adxudicación dunha nova autorización.

4.–Localización, caracteres e número de parcelas.

As parcelas e mesas de cultivo están localizadas nas hortas urbanas do Agra do Orzán, Novo Mesoiro, parque de Eirís e parque de Adolfo Suárez.

A presente convocatoria pon á disposición da veciñanza parcelas e mesas de cultivo individuais para o seu aproveitamento como horta urbana, que se distribúen do seguinte xeito:

- Agra do Orzán: 117 parcelas individuais, 9 mesas de cultivo, unha parcela de uso común e unha mesa de cultivo común.
- Novo Mesoiro: 36 parcelas individuais, 3 mesas de cultivo, unha parcela de uso común e unha mesa de cultivo común.
- Parque de Eirís: 81 parcelas individuais, 9 mesas de cultivo, unha parcela de uso común e unha mesa de cultivo común.

– Parque de Adolfo Suárez: 84 parcelas individuais, 3 mesas de cultivo, unha parcela de uso común e unha mesa de cultivo común.

O número total de parcelas e mesas de cultivo pode sufrir algunha variación. Cada unha das parcelas e mesas de cultivo terá asignado un número. A dimensión das parcelas oscila entre, aproximadamente, os 12 m² e os 50 m².

No caso de que sufriran algunha variación manterase o número de parcelas reservadas, tendo en conta que as reservadas para as asociacións terán unha superficie aproximada de 50 m² cada unha delas, agás na ecohorta de Adolfo Suárez que terá unha superficie de 32 m².

Resérvase o seguinte número de parcelas e mesas de cultivo para os grupos indicados a continuación:

a) Agra do Orzán

Grupo II: 22 parcelas da 96 a 117.

Grupo III: 3 parcelas (87, 90 y 93)

Grupo IV: 9 mesas de cultivo.

b) Novo Mesoiro.

Grupo II: 5 parcelas (2, 3, 4, 6 e 7).

Grupo III: 2 parcelas (1 e 5)

Grupo IV: 3 mesas de cultivo

c) Parque de Eirís

Grupo II: 21 parcelas da 1 a 23 (quitando as dúas reservadas para o grupo III).

Grupo III: 2 parcelas (3 e 22)

Grupo IV: 9 mesas de cultivo

d) Parque de Adolfo Suárez

Grupo II: 17 parcelas da 1 a 17.

Grupo III: 2 parcelas (51 y 48)

Grupo IV: 3 mesas de cultivo

De non cubrirse todas as parcelas e mesas de cultivo reservadas, como consecuencia das solicitudes presentadas en prazo, deixarán de ter a condición de reservadas e pasarán a formar parte do grupo de parcelas e mesas de cultivo para asignar ás persoas do grupo I. En primeiro lugar asignaranse as parcelas polo o seu orde numérico e, a continuación, as mesas de cultivo, tamén polo seu orde numérico.

5.-Natureza xurídica.

Os parques teñen a natureza de ben de dominio público, de acordo coas previsións do artigo 3 do Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das Entidades Locais.

A tramitación do procedemento para o uso e aproveitamento das hortas urbanas réxese polas previsións da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas, do Real decreto 1373/2009, do 28 de agosto, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei do patrimonio das Administracións Públicas e do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das Entidades Locais.

6.-Réxime económico.

As autorizacións de uso terán carácter gratuíto e non estarán suxeitas a taxa, de acordo coas previsións do artigo 92.5 da Lei 33/2013 de patrimonio das Administracións Públicas.

Os gastos de conservación e mantemento de cada unha das parcelas e mesas de cultivo correrán a cargo da correspondente persoa adxudicataria, que se compromete a utilizar o ben segundo a súa natureza e a que, unha vez finalizada a autorización, o estado do ben se corresponda co que tiña no momento inicial.

O mantemento tanto no que atinxe á realización de operacións de mantemento preventivo como ás de pequenas reparacións, dos elementos comúns como son a caseta e o caixón de ferramentas, os composteiros, bancos e mesas e outras construcións de madeira, e a instalación de rega, corresponderalle ás persoas usuarias da horta.

As persoas titulares das parcelas poderán solicitar as intervencións que consideren necesarias por parte do Concello mediante a presentación de propostas no Plan Anual de Melloras da ecohorta, e os gastos destas asignaranse de acordo co aprobado no dito Plan, en función das disponibilidades orzamentarias do Concello.

7.-Requisitos da solicitude.

Cada persoa poderá realizar unha única solicitude de adxudicación en só unha das catro localizacións de hortas urbanas (Agra do Orzán, Novo Mesoiro, parque de Eirís e parque de Adolfo Suárez).

As persoas físicas interesadas deberán presentar unha declaración responsable/solicitude conforme ao modelo que se recolle no anexo I, de acordo co artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As persoas físicas achegarán xunto coa declaración responsable/solicitude do anexo I, a seguinte documentación:

- Se a persoa ten unha antigüidade inferior a seis meses de empadramento no Concello da Coruña, presentará, segundo corresponda:
 - Os documentos que acrediten a súa condición de vítima de violencia de xénero, conforme co sinalado no artigo 5 da Lei 11/2007 galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
 - A copia da baixa consular e a acreditación documental da súa residencia no Concello da Coruña, no caso de persoas emigrantes galegas.
 - Os documentos que acrediten que ten recoñecida a condición de persoa refuxiada polo organismo competente da Administración Xeral do Estado ou cuxa solicitude de asilo sexa admitida a trámite, ou, no caso de non dispoñer deste recoñecemento, a autorización de permanencia en España por razóns humanitarias ou de interese social.

No caso de solicitar a autorización como pertencente ao grupo II, por motivo da renda, presentará, segundo corresponda:

- Copia da resolución de concesión da RISGA.
 - Copia da Renda Social Municipal.
 - Certificado negativo da non obriga de presentación de declaración da renda da persoa solicitante e de cada un dos membros da unidade familiar maiores de 16 anos, expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria correspondente a 2020, ou, de ser o caso, declaración ou declaracións do imposto da renda da persoa solicitante e de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos. Achegarase tamén unha declaración responsable co nome e os apelidos dos membros da unidade familiar e do importe total dos ingresos mensuais da unidade familiar.
- No caso de solicitar a autorización como pertencente ao grupo II, por motivo de ser muller vítima de violencia de xénero:
- Os documentos que acrediten a súa condición de vítima de violencia de xénero, conforme co sinalado no artigo 5 da Lei 11/2007 galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- No caso de solicitar a autorización como pertencente ao grupo IV, presentará a resolución do recoñecemento dunha minusvalía igual ou superior ao 33% e do recoñecemento da existencia de dificultades para utilizar transportes colectivos.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente o 31 de decembro de 2020. Para os efectos desta convocatoria, enténdese por unidade familiar as persoas que convivan no mesmo domicilio e estean vinculadas por razóns de matrimonio ou calquera outra forma de relación análoga, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grado respectivamente.

As asociacións ou os centros de ensino interesados deberán presentar unha declaración responsable/solicitude conforme ao modelo que se recolle no anexo II, de acordo co artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Achegarán, xunto coa declaración responsable/solicitude do anexo II, a seguinte documentación:

- a) Copia dos estatutos da entidade e do Regulamento interno, no seu caso.
- b) Memoria explicativa do proxecto social, pedagóxico, terapéutico ou ambiental para desenvolver na horta urbana. Non terá unha extensión superior a 20 páxinas -10 follas- (letra Arial, entreliñado sinxelo). A memoria explicará os seguintes aspectos:
 - Obxectivo xeral e obxectivos específicos do proxecto.

- Xustificación de como se utilizará a ecohorta para acadar os obxectivos específicos plantexados.
- Xustificación do colectivo de persoas ás que se destina o proxecto.
- Metodoloxía e planificación das actividades de comunicación e integración co resto das persoas usuarias das ecohortas e co resto do vecindario.

Terase en conta, para determinar a sede social da entidade, o domicilio que figure nos seus estatutos. De modificarse o domicilio social, deberá acreditarse a súa modificación no rexistro correspondente. En todo caso, entenderase cumprido este requisito cando a entidade solicitante estea inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas. No caso de existir delegación da entidade, esta deberá acreditarse mediante o contrato ou o documento de valor xurídico similar a nome da entidade na que conste que a súa utilización será para actividades da propia entidade.

No caso de que os documentos esixidos xa estivesen en poder de calquera órgano do Concello da Coruña, a persoa solicitante se poderá acoller ao establecido no artigo 53.1, letra d, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, de ser o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderalle requirir á persoa solicitante a súa presentación, ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento.

Sen prexuízo do disposto anteriormente, poderáselles requirir que acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para tramitar e resolver o procedemento.

8.-Prazo de presentación de solicitudes.

As persoas interesadas, que cumpran as esixencias previstas na convocatoria, poderán presentar a solicitude e a documentación complementaria no rexistro xeral do Concello da Coruña ou a través de calquera das outras formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. As solicitudes poderanse presentar a través da sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gob.es>

A solicitude irá dirixida ao Servizo de Medio Ambiente do Concello da Coruña, que instruirá o procedemento.

O prazo de presentación das solicitudes será de 15 días naturais que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP). A convocatoria publicarase, tamén, na páxina web municipal (www.coruna.es/medioambiente) e a través dos medios que se consideren adecuados para facilitar a súa divulgación.

As solicitudes que cumpran cos requisitos establecidos e recibidas con posterioridade ao prazo de presentación establecido, serán integradas por orde de presentación, a continuación dos solicitantes en prazo non adxudicatarios, na listaxe de espera da horta correspondente, tendo en conta que xa no se distinguirá entre grupos (resultará irrelevante o grupo marcado).

9.-Instrución e resolución do procedemento de adxudicación.

Unha vez que remate o prazo de presentación de solicitudes, publicarase a relación provisional de persoas admitidas e excluídas na páxina web municipal, www.coruna.es/medioambiente, para os efectos de que as/os interesadas/os poidan presentar as alegacións que consideren oportunas ou emendar a documentación requirida no prazo de 10 días hábiles. Non axustarse aos termos da convocatoria, o incumprimento dos requisitos nela establecidos e a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada serán causas de exclusión da solicitude presentada.

Cando transcorra o prazo de 10 días hábiles sen que se emenden as causas de exclusión, considerarase que a persoa interesada desiste da súa petición nos termos establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

No caso de que todas as solicitudes sexan correctamente presentadas, xa inicialmente, publicarase directamente a relación definitiva de persoas admitidas.

A relación definitiva de persoas admitidas e excluídas publicarase no sitio web www.coruna.es/medioambiente.

A asignación de parcelas e mesas de cultivo das hortas realizarase conforme ao seguinte procedemento:

- Realizarase a valoración das solicitudes do grupo III. Valorarase a calidade e nivel de detalle da memoria explicativa do proxecto social, pedagóxico, terapéutico ou ambiental para desenvolver na horta urbana, nunha extensión máxima de 20 páxinas -10 follas- (20 puntos).

A valoración das solicitudes será realizada por, a lo menos, un/unha técnico municipal de acordo co seguinte baremo:

- Obxectivo xeral e obxectivos específicos do proxecto: ata 5 puntos.
- Xustificación de como se utilizará a ecohorta para acadar os obxectivos plantexados: 5 puntos.

- Xustificación do colectivo de persoas ás que se destina o proxecto: 5 puntos.
- Metodoloxía e planificación das actividades de comunicación e integración co resto das persoas usuarias das ecohortas e co resto do vecindario: 5 puntos.
- Asignaranse primeiro as parcelas e mesas de cultivo reservadas (grupos II, III e IV), polo orde numérico da parcela.

Nos grupos II e IV a adxudicación comezará a partir daqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra “Y” (Resolución do 29 de xaneiro de 2021 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. -DOG do 05.02.2021-. Se cando finalice o prazo para a presentación de solicitudes se fixo público un novo sorteo, que substitúa o sinalado, tomarase como referencia o novo sorteo) (para caso de empate, no resto de letras seguirase a mesma orde).

Os centros de ensino ou asociacións sen ánimo de lucro, grupo III, adxudicaranse por orde de puntuación trala valoración realizada.

De non cubrirse todas as parcelas e mesas de cultivo reservadas, como consecuencia das solicitudes presentadas en prazo, deixarán de ter a condición de reservadas e pasarán a formar parte do grupo de parcelas e mesas de cultivo para asignar ás persoas do grupo I. En primeiro lugar asignaranse as parcelas polo orde numérico destas e, a continuación, as mesas de cultivo, tamén polo o seu orde numérico.

- As persoas dos grupos II, III e IV que non fosen adxudicatarias das parcelas ou mesas de cultivo reservadas, pasarán a integrarse na listaxe de persoas solicitantes do grupo I de cada unha das hortas.

Nesta listaxe, estarán en primeiro lugar, para realizar a adxudicación, as asociacións ou centros de ensino, por orde de puntuación, a continuación as persoas do grupo II, logo as do grupo IV, de acordo coa orde sinalada no punto anterior, e por último as persoas do grupo I ordenadas tamén segundo o sinalado no punto anterior (a partir da letra “y” do primeiro apelido ou o que resulte do novo sorteo).

- Esgotadas as parcelas e mesas de cultivo dispoñibles, o resto de persoas solicitantes non adxudicatarias pasarán a formar parte dunha única lista de espera para cada horta e polo orde de adxudicación establecido.

Na listaxe de espera de cada horta xa non se distinguirá entre grupos (será irrelevante o grupo marcado na solicitude).

- As persoas titulares dunha parcela ou mesa de cultivo poderán permutalas en todo momento con outras, sempre previa e obrigatoria comunicación por escrito e asinado polas dúas persoas ao Concello da Coruña.

A resolución do procedemento establecerá a relación das persoas adxudicatarias e a listaxe das persoas incluídas na listaxe de espera. A resolución publicarase no sitio web: www.coruna.es/medioambiente, de acordo coas previsións do artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Servizo de Medio Ambiente indicará, na resolución de outorgamento da autorización, o lugar e a data na que se lle entregará á persoa titular a autorización dos elementos e informacións necesarias para o inicio da actividade.

10.-Datos persoais.

De conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ponse en coñecemento que os datos persoais que se faciliten co anexo I, e demais documentación que se achegue, pasarán a formar parte do ficheiro denominado AUPAC, do que é o responsable do seu tratamento o Concello da Coruña, e que ten como finalidade a súa utilización para tramitar o presente procedemento de concorrencia competitiva. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais deste ficheiro poderanse exercer ante o rexistro xeral do Concello nos termos establecidos na Lei.

A participación neste procedemento supón consentir o tratamento e a cesión/comunicación dos datos de carácter persoal que resulten precisos para o desenvolvemento, cumprimento e control da convocatoria así como da correcta xestión das hortas e das autorizacións concedidas. Así mesmo, supón autorizar o Concello da Coruña para solicitarlles a outras Administracións Públicas a información que resulte precisa.

11.-Actuacións do Concello.

O Concello da Coruña realizará os traballos necesarios para que as hortas sexan accesibles e valaraos. Reporá o valado en caso de rotura ou degradación. Así mesmo dotarallas de subministro de auga. Poderá darlle outra configuración as hortas de traballo que as melloren, de acordo coas posibilidades orzamentarias de cada momento.

12.-Normas de uso que deberán cumprir os/as adxudicatarios/as.

12.1. O/a adxudicatario/a da autorización indicada deberá cumprir as seguintes obrigas:

- a) A horta deberá ser cultivada empregando técnicas da agricultura ecolóxica.

b) As/os usuarias/os deberán manter en todo momento a parcela ou mesa de cultivo adxudicada en perfecto estado de limpeza e conservación. Deberanse respectar todos os elementos que forman parte da horta. No caso das parcelas, deberán manter limpo o tramo dos camiños as delimiten.

c) As/os usuarias/os adquirirán e manterán todos os elementos necesarios para o cultivo da horta (ferramentas, carretillas, mangueriras, sementes, abonos, plantas, etc.)

d) Ao finalizar a vixencia da autorización, o/a adxudicatario/a deberalle devolver a parcela ou a mesa de cultivo ao Concello en idénticas condicións ás da súa entrega inicial.

e) Procurarase que as novas adxudicacións se realicen sempre despois da recollida da colleita pero no caso de que no momento de extinguirse a autorización existisen colleitas pendentes de recolección, e de existiren novas persoas adxudicatarias da parcela ou da mesa de cultivo, os cultivos entenderanse entregados ás novas persoas adxudicatarias. En caso de non existiren novos/as adxudicatarios/as, permitiráselles aos/ás adxudicatarios/as que recollan a dita colleita.

f) As/os usuarias/os deberán evitar producir molestias ou danos a terceiras persoas, polo que deberán manter en orde a parcela ou mesa de cultivo e os seus arredores. Así mesmo, os apeiros de labranza que non estean sendo usados deberán estar adecuadamente gardados e baixo chave na caseta habilitada para iso, para evitar riscos para as persoas usuarias do parque.

g) Deberán cumprir coas normas mínimas de convivencia e respecto ao persoal municipal e demais usuarias/os.

h) Atenderán os requirimentos que, en cumprimento desta convocatoria, lles faga chegar o persoal do Concello ou a policía Municipal.

Facilitarán o labor de control e inspección dos inspectores ambientais e da policía municipal, e poñerán á súa disposición toda a documentación e información que lles sexa requirida, e non obstaculizarán o acceso ás instalacións ou elementos da horta.

j) Se a parcela ou mesa de cultivo adxudicada permanecese desatendida ou en evidente estado de abandono ou sen uso por un período superior a 1 mes e sen xustificación razoada (agás os meses de decembro a febreiro), poderá revogarse a autorización, logo da previa audiencia á persoa interesada.

k) Se unha persoa, por motivos xustificadas (enfermidade, traslado temporal, etc), non puidera atender a parcela pero prevé seguir facéndoo máis adiante, deberá comunicalo ao Concello informando da duración desta situación. Este período non pode ser superior a un calendario de cultivo (primavera-verán ou outono-inverno).

l) No caso de que a persoa desista de cultivar a parcela deberá comunicalo ao Servizo de Medio Ambiente para que horta non sufra abandono e se poda adxudicar a unha nova persoa da listaxe de espera.

l) En caso de desistimento ou ao finalizar a adxudicación, a persoa titular da autorización deberá entregar as chaves da caseta e do caixón de ferramentas e calquera outro elemento, se o houbese, posto á súa disposición para o uso e aproveitamento da horta urbana.

m) No caso de producirse unha avaria ou fuga no sistema de rega, será responsabilidade das persoas adxudicatarias pechar a vila xeral da entrada da auga á horta e reparar a avaria. No caso que a avaria estea provocada por defectos da infraestrutura base, deberán avisar coa maior celeridade á Concellería de Medio Ambiente.

12.2. O/a adxudicatario/a da autorización indicada non poderá levar a cabo as seguintes actuacións:

a) A cesión ou traspaso da parcela ou da mesa de cultivo a terceiras persoas.

b) Modificar a estrutura ou superficie que se cede en orixe ou variar o deslinde efectuado polo Concello.

c) Deixar na horta ou nos arredores ferramentas ou utensilios ao finalizar a xornada.

d) O uso de grellas.

e) Usar ferramentas motorizadas, coa finalidade de evitar ruídos na contorna e a terceiras persoas. No caso de necesitar puntualmente a súa utilización, poderá presentar solicitude motivada de autorización ao concello para a súa valoración.

f) A xeración de lume na parcela ou na mesa de cultivo ou arredores.

g) A construción de calquera tipo de edificio na parcela ou arredores.

h) A ocupación con obras ou instalacións fixas, a instalación de casetas, pozos, alpendres, caravanas, quioscos, ou calquera tipo de instalación ou elemento. No caso de que a adxudicataria considere indispensable dispoñer de determinados elementos para un mellor aproveitamento, poderá incluír a súa solicitude motivada no Plan Anual de Melloras da ecohorta.

i) A instalación ou utilización de elementos que deterioren a paisaxe ou o aspecto da contorna.

j) A entrada e permanencia de animais domésticos.

k) O almacenamento de sustancias perigosas, tóxicas ou combustibles.

l) O acceso de vehículos de tracción mecánica salvo excepcións debidamente xustificadas.

m) A utilización de calquera produto fitosanitario, salvo remedios naturais autorizados para agricultura ecolóxica de acordo co apartado 13.5 desta convocatoria.

12.3. Visitas.

Está permitido que as persoas usuarias lles permitan participar a amizades ou familiares, para que coñezan a iniciativa, acheguen ideas, gocen dunhas horas de contacto coa natureza etc. Débese facer sempre de forma limitada, para evitar que esas actividades poidan distorsionar a actividade doutras persoas usuarias.

Os espazos das hortas son espazos idóneos para o achegamento das/dos menores de idade ao coñecemento e á cultura rural. As persoas usuarias das parcelas e mesas de cultivo poderán aproveitalas e usalas acompañadas das/dos menores de idade da unidade familiar. Non obstante, as/os menores deben estar en todo momento acompañados pola persoa adxudicataria ou outros membros da unidade familiar baixo a responsabilidade da persoa adxudicataria da parcela, e deberán garantir que non se producen danos ou molestias a outras persoas usuarias.

Poderá propoñerse no Plan Anual de Melloras da ecohorta, a creación dunha horta infantil, para o que se deberá especificar a persoa ou persoas responsables da dita horta e cumprir as mesmas condicións anteditas.

12.4. Educación ambiental.

As hortas urbanas poderán ser obxecto de visitas de escolares dos distintos centros educativos ou doutros colectivos, co fin de dar a coñecer as actividades desenvolvidas neles e inculcar os valores vinculados á agricultura tradicional e ecolóxica.

Para ese efecto, as persoas usuarias estarán obrigadas, dentro dos horarios de apertura destes, a lles permitir a entrada ás visitas que organice ou patrocine o Concello. En tales casos, a/o usuaria/o deberá colaborar, na medida das súas posibilidades, cos docentes ou demais persoas que acompañen as visitas, durante a estancia destes nas hortas.

As persoas usuarias poderán transmitir valores ligados á terra e á natureza achegando os seus coñecementos sobre métodos de cultivos, especies usadas, así como calquera outro dato que suscite o interese das e dos visitantes sobre a agricultura tradicional, e ecolóxica en particular, e fomentar, á súa vez, as relacións interxeracionais.

As persoas usuarias das hortas, poderanlle solicitar ao Concello a realización dalgún evento ou acto lúdico con afluencia de público externo e sempre que a súa finalidade sexa a posta en valor da horta, dos seus cultivos ou dos seus produtos e sempre que non se supere a capacidade do conxunto da instalación. Así mesmo, o Concello poderá organizar encontros, xornadas, cursos e outras actividades colectivas que promovan o encontro social, interxeracional ou intercultural, do cal se dará a oportuna publicidade.

12.5. Horario.

O horario de utilización das parcelas e mesas de cultivo establécese en función dun maior aproveitamento das horas de luz solar. Por iso, o horario de apertura e peche da instalación actualmente é:

De abril a setembro: 9.00 a 22.00 horas.

De outubro a marzo: 10.00 a 20.00 horas.

Os días 24 e 31 de decembro, as hortas pecharanse ás 18.00 horas.

O Concello poderá modificar os horarios de apertura, do cal se dará a oportuna publicidade.

13.-Condicións específicas de cultivo: cultivo ecolóxico.

13.1. A agricultura que se desenvolverá será ecolóxica, por iso deberanse respectar os principios e criterios técnicos establecidos pola normativa de agricultura ecolóxica en vigor desde o Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA).

13.2. Potenciarase e fomentarase o intercambio e o emprego de sementes autóctonas e especies locais.

13.3. O Concello procurará facilitar, en función das dispoñibilidades orzamentarias, asesoramento técnico especializado durante un número de horas semanais ou mensuais, así como realizar xornadas sobre cuestións específicas relacionadas coa agricultura ecolóxica e que resulten de interese para as persoas usuarias.

O Concello poderá realizar acordos de colaboración con asociacións que desenvolvan iniciativas privadas de hortas urbanas, para os efectos de que as/os usuarias/os da horta obxecto deste procedemento poidan participar nas actividades formativas e divulgativas daquelas.

13.4. Os cultivos desenvolvidos polo/a adxudicatario/a deberán respectar os seguintes requirimentos:

a) O uso da horta urbana será exclusivo para o cultivo hortícola, de tubérculos, legumes e flores, así como para plantas aromáticas e/ou medicinais.

b) As finalidades dos cultivos serán alimentarias circunscritos ao ámbito do consumo familiar, e queda prohibida a súa posterior venda.

c) Poderanse plantar especies hortícolas plurianuais, pero non dará lugar a ningún dereito á extensión do período de duración da autorización concedida.

d) Queda expresamente prohibido o cultivo de:

- Especies ornamentais que poidan suscitar riscos para a saúde humana das persoas usuarias do parque.
- Plantas transxénicas.
- Especies vexetais ou plantas degradantes da terra, do solo e/ou o subsolo.
- Especies invasoras.
- Plantas psicotrópicas e aquelas prohibidas por Lei.

e) Poderase instalar alcouves nos que se sementarán e se criarán plantas hortícolas durante un curto período de tempo para seren logo transplantadas a ecohorta. Estes alcouves poderanse instalar, de xeito temporal, na horta común, nas parcelas individuais ou nas mesas de cultivo.

13.5. O/a adxudicatario/a deberá respectar as seguintes especificacións técnicas referidas ao uso de fertilizantes e tratamentos fitosanitarios:

a) Os fertilizantes e produtos fitosanitarios non ecolóxicos quedan prohibidos. Tampouco poderán emitir partículas indesexables á atmosfera que lles poidan provocar danos ás demais persoas da contorna, flora e/ou fauna, nin utilizar produtos de limpeza ou outros que contaminen o solo.

b) Usaranse remedios naturais contra as pragas e enfermidades, e fertilizarase a terra con fertilizantes ecolóxicos certificados ou con materia orgánica previamente descomposta (compost etc.), en lugar de fertilizantes artificiais.

c) A eliminación de malas herbas deberase facer manualmente.

d) Quedan expresamente prohibidos:

- Todos os fertilizantes orgánicos de sínteses e os compost elaborados con produtos contaminados (pallas, esterco, herbas e fertilizantes orgánicos tratados con pesticidas e herbicidas). Non se poderá utilizar esterco procedente de deposicións de animais ou persoas.
- Todos os fertilizantes minerais (nitroxenados, fosfatados, potásicos, magnésicos, cal vivo etc.) obtidos por procedementos químicos.
- Insecticidas, funxicidas, acaricidas e outros produtos procedentes da síntese química.
- No que atinxe o control de pragas e enfermidades, para aqueles produtos autorizados na práctica da agricultura ecolóxica (caldo bordolés, xabón potásico, etc.), ao tratarse dun espazo público estarase ao disposto no RD 1311/2021, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para acadar un uso sostible dos produtos fitosanitarios. Será obrigatorio presentar unha solicitude ao Servizo Municipal de Medio Ambiente no Rexistro Municipal, de acordo cos requisitos establecidos no antedito Real Decreto. O seu uso terá sempre carácter excepcional. Será obrigatoria a comunicación ao resto das persoas da horta, una vez autorizado o seu uso polo Concello. En calquera caso, estas sustancias só poderán ser aplicadas polas persoas coa titulación esixida no antedito Real Decreto.
- As trampas, redes, cepos, lazos, escopetas, tiradores de goma ou métodos de captura non selectivos para a fauna, así como a colocación de cebos que inclúan sustancias venenosas. Serán admisibles métodos tradicionais e incruentos para espantar as aves, sempre que non teñan un impacto paisaxístico negativo (como o que ten a utilización de plásticos, CDs etc.). En calquera caso, deberán ser informadas as persoas responsables municipais do problema de praga detectado e dos medios que se pretendan empregar para palialo.

e) Está autorizada a utilización das seguintes sustancias:

- Os fertilizantes procedentes de humus de miñocas, os esterco compostados (entendendo a compostaxe como un proceso de fermentación aeróbica), fertilizantes verdes e restos de colleitas perfectamente descompostos, así como os compost elaborados a partir de residuos non contaminados. En calquera caso, o fertilizante orgánico deberá estar suficientemente compostado.
- Os fertilizantes minerais de orixe natural (fosfatos naturais moídos, pos de silíceas, calcarias moídas, dolomitas, etc.).

- Poderanse aplicar distintos preparados a base de plantas (maceracións, infusións, decoccións etc.) de uso común na agricultura ecolóxica.
- Os métodos biolóxicos para o control de herbas competidoras (acolchado, monda manual ou semimanual, cultivo en bancal profundo).

13.6. En relación coa xestión da rega, o/a adxudicatario/a terá prohibido:

- Deixar tomas de auga abertas, regar en períodos nos que pola humidade do terreo non sexa necesario, malgastar a auga de rego ou utilizar métodos de rego que provoquen un consumo anormal da auga dispoñible.
- A traída de augas desde calquera outro punto que non estea habilitado para iso e que non conte con autorización.
- O rego con aspersores ou outros medios que poidan invadir os arredores da horta. As persoas usuarias deberán realizar a rega utilizando regadeiras a partir da toma de auga asignada a horta, salvo que se habilite algún sistema de rega eficiente, como o sistema por goteo ou similar.
- Poderá propoñerse no Plan Anual de Melloras da ecohorta, a transformación a un sistema de rega de por goteo ou sudación sectorizado co obxectivo de mellorar a eficiencia na rega e diminuír o gasto de auga.

13.7. Para o tratamento adecuado dos residuos, o/a adxudicatario/a cumprirá as seguintes pautas:

- As persoas adxudicatarias serán responsables do adecuado estado de limpeza da parcela e do tramo do camiño que a delimite e para iso deberán depositar os restos orgánicos que non sexan tratados mediante compostaxe nos colectores verdes máis próximos. O resto de residuos non orgánicos depositaranse nos colectores de materia inorgánica máis próximos da vía pública.
- Queda expresamente prohibida a queima de restos vexetais ou residuos.
- Prohíbese a realización de verteduras ou depósitos de residuos dos restos da roza ou limpeza da horta, na horta ou na súa contorna, excepto cando estes depósitos estean autorizados e destinados á compostaxe.
- Os restos da eliminación das plantas cualificadas como invasoras no RD 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras (Herba da Pampa, Margarita africana, etc), non se poderán incorporar ao proceso de compostaxe.
- Non se poderán arrimar restos de ningún tipo fóra do recinto da ecohorta.

14.-Responsabilidade dos/as adxudicatarios/as.

As persoas adxudicatarias responderán das lesións ou dos danos nos bens ou dereitos que se produzan na parcela e infraestruturas e medios materiais dela, así como tamén os derivados do incumprimento das condicións de uso e prohibicións establecidas na presente convocatoria. Nos casos de deterioro nas instalacións, que non sexa causa do uso diario, deberán repoñer ou restaurar as cousas ao seu estado de orixe. Tamén serán responsables dos danos causados por actos levados a cabo por persoas usuarias das hortas, ligados á súa autorización. En todos estes casos, a Administración, logo da previa audiencia, ordenará a execución da reposición ou reparación dos danos causados ou, no seu defecto, reclamará o aboamento do importe correspondente á dita reposición ou reparación.

A persoa adxudicataria será responsable dos posibles prexuízos, lesións ou danos a terceiras persoas, usuarias ou non das outras hortas, causados no exercicio das súas facultades de uso e aproveitamento da parcela, e queda obrigada á correspondente indemnización polos danos ou lesións producidos.

15.-Participación das persoas físicas e xurídicas usuarias da horta. Plan Anual de Melloras da ecohorta.

Calquera persoa, física ou xurídica, adxudicataria dunha parcela das ecohortas municipais, pode elaborar unha proposta para a súa inclusión no Plan Anual de Melloras.

Poderanse presentar as devanditas propostas durante os meses de xuño e decembro, co fin de poder planificar a realización das melloras sen interferir co calendario dos cultivos.

Calquera persoa usuaria da horta poderá propoñer melloras nos seguintes ámbitos:

- Modelo de xestión enerxético.
- Modelo de xestión da auga.
- Modelo de xestión de materia orgánica para compostaxe.
- Modelo de xestión do control das plantas invasoras.
- Modelo de xestión de produción de plántula para o uso común.
- Seguimento e control da calidade do chan.

- Melloras nas infraestruturas, mobiliario e instalacións.
- Modelo de xestión da ferramenta e outros medios de uso común.
- Realización de actividades e comunicación coa veciñanza, incluíndo visitas divulgativas das hortas.
- Actividades formativas relacionadas coa agricultura ecolóxica.
- Realización de novas plantacións de carácter perenne e comunitarias, incluíndo as árbores froiteiras.
- Uso e mantemento dos espazos comúns.
- Modelo de gobernanza.
- Aquelas outras cuestións que estime adecuado, sempre respectando as normas e obrigas desta convocatoria.

Todas as propostas deberán recoller o apoio, mediante sinaturas, dun mínimo dun 10% das persoas físicas ou xurídicas titulares das parcelas da ecohorta, co fin de asegurar a súa representatividade.

Con carácter previo á súa remisión ao Servizo Municipal de Medio Ambiente, as persoas usuarias da ecohorta deberán organizar unha Asemblea na que aquelas propostas que teñan acadado o devandito mínimo de sinaturas sexan sometidas a votación. Para iso, será necesaria a elaboración dun acta que recolla, como mínimo, unha listaxe das persoas asistentes á asemblea e os resultados das votacións das diferentes propostas. Na acta da asemblea deberá recollese tamén unha orde de prioridade das diferentes propostas aprobadas.

A continuación, as propostas aprobadas poderán ser dirixidas ao Servizo Municipal de Medio Ambiente, presentándose a través do Rexistro Municipal. Todas as propostas deberán cumprir os seguintes requisitos mínimos para ser valoradas:

- Estar apoiadas por un mínimo de sinaturas dun 10% das persoas físicas ou xurídicas titulares das parcelas da ecohorta. No caso das asociacións, non contarán as sinaturas individuais dos membros da asociación, a non ser que estes sexan adxudicatarios, a título persoal, doutra parcela.
- Ter obtido unha votación favorable, en asemblea, por parte da maioría simple dos participantes na mesma.

As propostas deberán explicar de maneira clara e razoada os seguintes aspectos:

- O seu obxectivo/s.
- As persoas ás que vai dirixida a actuación identificadas de xeito cualitativo e cuantitativo.
- Quen será a persoa o grupo de persoas que asume o seu desenrolo e no seu caso, o seu mantemento.
- Cales son os medios que solicita ao Concello para a súa implementación.
- A época idónea para a súa realización.
- O custo aproximado.

Valorarase especialmente as melloras que supoñan para as ecohortas, a implicación das persoas usuarias tanto no que respecta á súa implementación como ao seu mantemento no tempo, así como a súa exposición clara e razoada. O ámbito de actuación da proposta será única e exclusivamente a ecohorta á que pertenza a persoa que a solicita. Non se admitirán propostas que se refiran a máis dunha ecohorta municipal.

A proposta irá acompañada da seguinte documentación anexa:

- Unha listaxe de sinaturas que a apoian, cos seguintes datos: o nome e os apelidos, o DNI e o número da parcela que ocupan.
- No seu caso, a listaxe do grupo de persoas que asume a súa execución e/ou o seu mantemento. Nesta listaxe figurará o nome e apelidos, o DNI, o número da parcela que ocupan e a sinatura.
- Unha copia da acta da asemblea na que a proposta resultou aprobada por parte dos usuarios.

Só poderán asinar aquelas persoas que no momento de presentar a proposta, estean cultivando a horta.

As propostas só poderán afectar a ecohorta na que estean cultivando as persoas que a asinan. Non se poderán presentar propostas que afecten a máis dunha ecohorta.

Só se someterán a valoración aquelas propostas que involucren as persoas usuarias da ecohorta na súa implementación ou no seu desenrolo e aquelas que supoñan unha mellora ou beneficien ao conxunto das persoas usuarias da ecohorta.

O Plan Anual de Melloras será o canle para que as persoas usuarias poidan solicitar actuacións nas ecohortas por parte do Concello. Non se considerarán as propostas remitidas ao Concello por outros medios ou sen axustarse aos requisitos establecidos nesta Convocatoria.

15.-Inspeccións municipais.

O persoal do Concello poderá realizar as actuacións de inspección que considere oportunas sobre as instalacións cedidas. Ademais do persoal técnico, os/as axentes da Policía Local poderán igualmente realizar funcións de inspección e control, en caso de controversias ou incidencias na súa xestión e entre as/os usuarias/os e terceiras persoas.

16.-Extinción da autorización.

A autorización extinguirase polas seguintes causas:

- a) Por vencemento do prazo da autorización.
- b) Mutuo acordo entre as partes.
- c) Revogación unilateral da autorización.
- d) Desaparición do ben ou esgotamento do aproveitamento.
- e) Por resolución xudicial.
- f) Por renuncia ou desistimento da persoa titular que lle debe ser comunicada ao Concello mediante a presentación de escrito no Rexistro Xeral.
- g) Por extinción da personalidade xurídica da asociación ou entidade adxudicataria.
- h) Por desafectación do ben.
- i) Por incumprimento das condicións esixidas para ostentar a autorización.

17.-Revogación da autorización.

A autorización poderá ser revogada unilateralmente polo Concello da Coruña en calquera momento, e sen máis trámite, por razóns de interese público, sen dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

Ademais, son causas de revogación as seguintes:

- a) O incumprimento reiterado dunha falta cualificada como moi grave e apercibido en máis de dúas ocasións polos responsables municipais designados para o efecto relativo ás normas de uso e de cultivos, obrigacións e prohibicións.
- b) Falta de uso durante un período superior a 1 mes sen xustificación, exceptuando os meses de decembro a febreiro.
- c) Non destinar a parcela ao cultivo agrícola ecolóxico.
- d) Cultivar unha parcela distinta da que lle foi adxudicada, agás no caso de habela obtido mediante permuta.
- e) Ceder a parcela da que se é titular a unha terceira persoa.
- f) A aplicación de produtos para o control de pragas e enfermidades, cuxo uso estea regulado no RD 1311/2021, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para acadar un uso sostible dos produtos fitosanitarios, aínda que estea admitido na agricultura ecolóxica (caldo bordolés, caldo borgoñés, xabón potásico, etc) ou nos espazos públicos, sen a autorización expresa do Servizo Municipal de Medio Ambiente e sen a previa comunicación ao resto das persoas da horta.
- g) A aplicación de produtos fitosanitarios non admitidos na agricultura ecolóxica ou non admitidos nos espazos públicos.

O procedemento para a revogación da autorización, nos sete casos contemplados anteriormente, iniciárase mediante acto no que se expoñerán os feitos e fundamentos de dereito, que será notificado á persoa adxudicataria, concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para presentar alegacións. Unha vez tomadas en consideración as alegacións presentadas, resolverase definitivamente o expediente.

19.-Penalidades.

Considerarase falta toda acción ou omisión do/a adxudicatario/a que supoña a vulneración dos deberes establecidos nas presentes cláusulas e demais normativa de xeral aplicación.

As faltas clasifícanse en leves, graves ou moi graves, atendendo ás circunstancias concorrentes e ao maior ou menor prexuízo que se cause.

1.º.-Consideraranse faltas leves as seguintes:

- Non responder de xeito voluntario e dilixente dos danos e prexuízos que se causen a terceiras persoas, á administración ou ao uso xeral.

– Calquera incumprimento dun deber contemplado no presente clausulado ou na normativa vixente e que non sexa considerada como falta grave ou moi grave.

2.º.–Consideraranse faltas graves as seguintes:

- Non manter o ben de dominio público utilizado en perfecto estado de limpeza, hixiene, seguridade e ornato.
- Oposición ou entorpecemento ás inspeccións que, de ser o caso, desexe realizar a Administración municipal.
- Non respectar as normas municipais sobre o uso da parcela ou mesa de cultivo.
- Cultivar unha parcela distinta da que lle se adxudicou, obtida mediante unha permuta, sen ter realizado unha comunicación previa ao Servizo Municipal de Medio Ambiente.
- Realizar algunha das actuacións establecidas nos apartados b, c, d, e, f, g, k, l, y m do apartado 12.2 desta convocatoria.
- A comisión dunha falta leve, así declarado e resolto pola Administración, tras térense resolto e imposto previamente dúas sancións por incumprimento leve.

3.º.–Consideraranse faltas moi graves as seguintes:

- Utilizar a parcela ou a mesa de cultivo para unha finalidade distinta ao obxecto da autorización.
- A comisión dunha falta grave, así declarado e resolto pola Administración, tras térense resolto e imposto previamente dúas sancións por incumprimento grave.

As faltas leves sancionaranse con multa de 50 euros; as graves, con multa de 100 euros; e as moi graves con multa de 250 euros ou coa extinción da autorización.

As faltas moi graves comportan unha sanción pecuniaria ou levan a extinción da autorización. A opción por unha ou por outra será decidida discrecionalmente pola Administración por razóns de oportunidade ou de interese público.

Impoñeranse todas as sancións logo do previo expediente no que, antes de ditarse resolución, se dea audiencia á persoa interesada, e sen que resulte de aplicación a normativa propia do dereito sancionador senón as disposicións xerais do procedemento administrativo común.

ANEXO I
DECLARACIÓN RESPONSABLE/SOLICITUDE

«D./D.^a _____, con domicilio para notificacións en _____, r/ _____, núm. ____, con DNI núm. _____, teléfono _____ e correo electrónico _____
_____ DECLARO RESPONSABLEMENTE ante o Concello da Coruña:

- Que son maior de idade
- Que estou empadroadado/a no Concello da Coruña (marcar un, o que proceda):
 - Cunha antigüidade mínima de seis meses, anterior á data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.
 - Cunha antigüidade inferior a seis meses, anterior á data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Achego a esta declaración responsable (marcar un, o que proceda):
 - Os documentos que acreditan a miña condición de vítima de violencia de xénero, conforme co sinalado no artigo 5 da Lei 11/2007 galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
 - A copia da baixa consular e acreditación documental da miña residencia no Concello da Coruña.
 - Os documentos que acreditan que teño recoñecida a condición de persoa refuxiada polo organismo competente da Administración Xeral do Estado ou que a solicitude de asilo foi admitida a trámite ou, no caso de non dispoñer deste recoñecemento, a autorización de permanencia en España por razóns humanitarias ou de interese social.
- Que acepto integramente as cláusulas establecidas na convocatoria de autorizacións para o uso das hortas urbanas da Agra do Orzán, Novo Mesoiro, parque de Eirís e parque de Adolfo Suárez
- Que non teño débedas tributarias en período executivo co Concello da Coruña (declaración non necesaria no caso de solicitantes pertencentes ao grupo II por razón da renda).

E SOLICITO:

- Concorrer á convocatoria para o outorgamento de autorizacións para o uso das hortas urbanas da Agra do Orzán, Novo Mesoiro, parque de Eirís e parque de Adolfo Suárez, na miña condición de pertencente ao (marcar un, o que proceda):
 - Grupo I (persoas físicas en xeral)
 - Grupo II (persoas xubiladas ou maiores de 65 anos e perceptores da Renda Social Municipal o da Renda de Inclusión Social ou ingreso mínimo vital). Achego (marcar o que proceda):
 - Copia da resolución de concesión da RISGA.
 - Copia da Renda Social Municipal.
 - Certificado negativo da non obriga de presentación de declaración da renda do/a solicitante e de cada un dos membros da unidade familiar maior de 16 anos, expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria correspondente a 2020, ou, se é o caso, declaración ou declaracións do imposto da renda da persoa solicitante e de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos. Achégase, tamén, unha declaración responsable co nome e os apelidos dos membros da unidade familiar e do importe total dos ingresos mensuais da unidade familiar.
 - Documentos que acrediten a súa condición de vítima de violencia de xénero, conforme co sinalado no artigo 5 da Lei 11/2007 galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
 - Grupo IV. Para acreditar este suposto achego a resolución de recoñecemento dunha minusvalía igual ou superior ao 33 % e de recoñecemento da existencia de dificultades para utilizar transportes colectivos.
- A autorización de uso sobre algunha parcela ou mesa de cultivo das seguintes hortas urbanas (marcar unha, a que proceda):
 - Agra do Orzán
 - Novo Mesoiro
 - Parque de Eirís
 - Parque de Adolfo Suárez

_____, ____ de _____ de 2022.

Sinatura

Asdo.: _____ »

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE/SOLICITUDE PERSOAS XURÍDICAS

«D./D..ª _____, con domicilio para notificacións en _____, r/ _____, núm. ____, con DNI núm. _____, tlf _____ e correo electrónico _____
 _____ DECLARO RESPONSABLEMENTE ante o Concello da Coruña:

– Que a entidade á que represento é, (marcar un, o que proceda):

- Centro público de ensino.
- Asociación sen ánimo de lucro.

– Que a entidade á que represento ten a súa sede social ou delegación no termo municipal da Coruña e que ten un carácter social, pedagóxico, terapéutico ou ambiental.

– Que a entidade á que represento non ten débedas tributarias en período executivo co Concello da Coruña.

– Que a entidade á que represento acepta integramente as cláusulas establecidas na convocatoria de autorizacións para o uso das hortas urbanas da Agra do Orzán, Novo Mesoiro, parque de Eirís e parque de Adolfo Suárez.

– Que achego a seguinte documentación:

- Copia dos estatutos da entidade
- Memoria explicativa do proxecto social, pedagóxico, terapéutico ou ambiental para desenvolver, cunha extensión non superior a 10 páxinas (letra Arial, entreliñado sinxelo)

E SOLICITO:

– Concorrer á convocatoria para o outorgamento de autorizacións para o uso das hortas urbanas da Agra do Orzán, Novo Mesoiro, parque de Eirís e parque de Adolfo Suárez no grupo IV.

– A autorización de uso sobre algunha parcela ou mesa de cultivo das seguintes hortas urbanas (marcar unha, a que proceda):

- Agra do Orzán
- Novo Mesoiro
- Parque de Eirís
- Parque de Adolfo Suárez

_____, ____ de _____ de 2022.

Sinatura

Asdo.: _____».

Contra a antedita resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer os seguintes recursos:

– Con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano que ditou o presente acto no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación (artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, reguladora do procedemento administrativo común das Administracións públicas).

– Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acto (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa). No caso de que interpuxera previamente recurso potestativo de reposición, non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo.

O anterior, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer calquera outro recurso que considere pertinente.

A Coruña, 4 de febreiro de 2022.

O director de Área de Medio Ambiente

Jesús Fernández Díez